



TALLER DA PREHISTORIA

Árbore Arqueoloxía imparte aos cursos de primeiro de secundaria un taller sobre a Prehistoria

Árbore Arqueoloxía é unha cooperativa adicada ó mundo da arqueoloxía e a restauración

Contan cunha ampla experiencia e formación e ofertan servizos moi variados e adaptados ás necesidades dos nosos clientes.

Os membros de Árbore son arqueólogos e contan cunha dilatada experiencia profesional en diferentes eidos, tanto vencellados a proxectos de investigación como ó mundo da arqueoloxía de campo ou á divulgación e didáctica.

O enlace a páxina web da cooperativa: <https://arborearqueoloxia.com/>

Dunha forma divertida e didáctica, os monitores trataron variados aspectos da vida dos nosos antepasados: a caza con arco e propulsor, acendido de lume mediante técnicas prehistóricas, elaboración de cuncos e colgantes de cerámica, fabricación de frechas e bramaderas, pintura con pigmentos naturais, elaboración de colgantes con cunchas e carafío mariños, pintura corporal para nenos...



A diversión estivo asegurada para todos. Profesorado e alumnado mergulláronse na prehistoria a través de talleres onde foron protagonistas..



A partir dos escasos restos atopados en xacementos arqueolóxicos, trataremos de reconstruír a dieta e a cociña na Prehistoria.



Aprendemos técnicas de caza e pesca, recoñecemos os instrumentos que utilizaban nos seus desprazamentos polo territorio e nas súas covas, e como non, aprendemos a acender lume tal e como o facían para quentarse e cociñar.

ENLACE A GALERIA DE FOTOS Y VIDEOS

<https://photos.app.goo.gl/Y6EHHnzNGRM4rqU18>